



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 177
30 de xullo de 2021



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de xullo de 2021, polo que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia sobre límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022 [65428](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de xullo de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias (Doc. núm. 19649) [65425](#)

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de xullo de 2021, polo que se admite a trámite o escrito da Xunta de Galicia polo que solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno (Doc. núm. 19649) [65484](#)

■ Sesión plenaria extraordinaria (día 3 de xullo ás 10.30 horas) [65426](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de xullo de 2021, polo que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia sobre límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de xullo de 2021, adoptou os seguintes acordos:
Admisión a trámite

- 19786 (11/LGNF-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Sobre límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1. A cualificación e admisión a trámite do escrito núm. 19786, remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Notificar este acordo ás deputadas e aos deputados e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de xullo de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 30 de xullo de 2021 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma



data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, contan desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puider asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de xullo de 2021, polo que se admite a trámite o escrito da Xunta de Galicia polo que solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

19649. Escrito da Xunta de Galicia polo que solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno (11/SCPE-000002).

A Mesa acorda a admisión a trámite polo procedemento de urxencia, o traslado á Xunta de Portavoces e a publicación.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

Sesión plenaria extraordinaria (día 3 de xullo ás 10.30 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión extraordinaria o próximo día 3 de agosto de 2021, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 30 de xullo de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:



Punto 1. Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 19786, 11/LGNF-000002).

Punto 2. Comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da Atención Primaria e dos Servizos de Urgencias, e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas (doc. núm. 19105; 11/SCDP-000005).

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2021 11:00:25
Nº Rexistro: 19786
Data envío: 30/07/2021 11:00:25.088
Data 30/07/2021 11:00

Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Asemade, achégase o informe de estratexia financeiro-fiscal, igualmente establecido nese precepto legal.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 21-22**





XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. O límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 fíxase en 11.571 millóns de euros.
2. Este límite poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, ou se asignen á Comunidade Autónoma de Galicia en vindeiras conferencias sectoriais, así como na minoración dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecten a taxa de referencia de déficit adoptada.
3. O vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do sr. presidente, en Santiago de Compostela a vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un.

Visto e praxe
O PRESIDENTE





ORZAMENTOS 2022

INFORME de ESTRATEXIA FINANCEIRO FISCAL

Artigo 11.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2021

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Consellería de Facenda e Administración Pública





ÍNDICE

| | |
|--|----|
| Introdución..... | 3 |
| 1. Escenario Económico..... | 5 |
| 1.1. O entorno internacional da economía galega..... | 5 |
| 1.2. Situación da economía española..... | 8 |
| 1.3. Evolución recente da economía galega..... | 14 |
| 1.4. Escenario macroeconómico 2021 – 2022..... | 18 |
| 1.5. Crecemento potencial e output gap..... | 21 |
| 1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente..... | 25 |
| 1.7. Taxa de referencia..... | 29 |
| 2. Escenario Financeiro..... | 31 |
| 2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto..... | 35 |
| 2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado..... | 48 |
| Anexo I..... | 52 |





INTRODUCCIÓN

O límite de gasto permite establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio en función das expectativas de ingresos, do obxectivo de estabilidade orzamentaria¹ e das restantes regras fiscais coas que debe gardar coherencia.

Como paso previo á determinación das anteriores magnitudes fiscais, compre pechar un escenario macroeconómico de referencia. O traballo de prospección económica que desenvolve o Instituto Galego de Estatística e leva á determinación do escenario, é fundamental por dous motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos, sendo por tanto a base da estimación do escenario de ingresos, xunto coas previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos. Ademais a estimación do PIB e do seu deflactor serán tamén a referencia para a cuantificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (medido en necesidade ou capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB).
2. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real estimado e o potencial. Esta situación debe determinar o nesgo da política fiscal da comunidade autónoma. Por tanto, determina a posición cíclica da economía galega e o saldo cíclico e estrutural da mesma; así como a taxa de referencia da economía galega que debe marcar a evolución tendencia das diferentes políticas de gasto no seu conxunto.

Por todo isto a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, no seu artigo 12 obriga ao Consello da Xunta a acordar o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio², e á

¹ A Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España, mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais; no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da devandita lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.

² Con posterioridade á norma autonómica, a Lei Orgánica 2/2012 no seu artigo 30 recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.





súa remisión ao Parlamento xunto cun informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan pe ao devandito límite.

O contido do presente informe recolle, a parte dunha breve introdución explicativa dos obxectivos e contido do mesmo, dous grandes apartados.

-Un apartado económico, no que se establece o escenario económico da comunidade autónoma de forma coherente cos informes dos grandes axentes emisores de informes de conxuntura económica da nosa contorna (informe de primavera/verán da Comisión, OCDE e FMI e os informe do Banco de España e AIReF).

-Un apartado financeiro, que baixo os supostos de evolución económica prevista e os límites acordados para as diferentes regras fiscais no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para 2022.





1. ESCENARIO ECONÓMICO

En Galicia a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 11 indica que con carácter previo á elaboración dos orzamentos, elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística (IGE), como axente responsable do subsistema de prospectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter, como mínimo o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise de posición cíclica da economía galega e saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, crecemento potencial, output gap e saldo cíclico orzamentario.
- c. Cálculo da taxa de crecemento medio de referencia nominal e real de Galicia.

1.1. O entorno internacional da economía galega

A pandemia da COVID-19 provocou unha abrupta caída da actividade económica mundial no ano 2020. As medidas de confinamento e distanciamento social adoptadas en todos os países para conter a propagación do virus e evitar a sobrecarga dos sistemas sanitarios provocaron un desplome da actividade. Porén, a rapidez con que se implementaron importantes medidas de política fiscal e monetaria impediron un maior impacto da crise. Despois de máis de un ano de pandemia, o avance na vacinación permítenos confiar na saída da crise sanitaria e económica. A desigual distribución das vacinas por países, a aparición de novas variantes do coronavirus e a eficacia das vacinas ante estas variantes determinarán a magnitude e velocidade da recuperación económica mundial. As previsións dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e Comisión Europea anticipan a recuperación da



economía mundial nos próximos anos. A saída da crise non será igual para todos os países: o distinto avance na vacinación, as medidas de política económica e monetaria implementadas nos distintos territorios así como a estrutura produtiva de cada país determinarán o ritmo da recuperación.

A economía mundial podería crecer ata un 6,0% no ano 2021, segundo o FMI. Para o ano 2022 prevese unha moderación no crecemento, no entorno do 4,4%.

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

| | FMI (abril 2021) | | OCDE (maio 2021) | | Comisión Europea (xullo 2021) ⁽²⁾ | |
|--------------------------|---------------------|------------|---------------------|------------|---|------------|
| | 2021 | 2022 | 2021 | 2022 | 2021 | 2022 |
| PIB Mundial | 6,0 | 4,4 | 5,8 | 4,4 | 5,6 | 4,3 |
| Área Euro ⁽¹⁾ | 4,4 | 3,8 | 4,3 | 4,4 | 4,8 | 4,5 |
| Francia | 5,8 | 4,2 | 5,8 | 4,0 | 6,0 | 4,2 |
| Alemaña | 3,6 | 3,4 | 3,3 | 4,4 | 3,6 | 4,6 |
| Italia | 4,2 | 3,6 | 4,5 | 4,4 | 5,0 | 4,2 |
| Portugal | 3,9 | 4,8 | 3,7 | 4,9 | 3,9 | 5,1 |
| España | 6,4 | 4,7 | 5,9 | 6,3 | 6,2 | 6,3 |
| Reino Unido | 5,3 | 5,1 | 7,2 | 5,5 | 5,0 | 5,3 |
| Estados Unidos | 6,4 | 3,5 | 6,9 | 3,6 | 6,3 | 3,8 |

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países.

(2) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio.

Utilizando como fonte de información o FMI, as economías avanzadas³ mostran a recuperación, cunha taxa do 5,1% en 2021, e do 3,6% en 2022, e cun comportamento diferenciado entre os principais países: Estados Unidos recuperará o nivel previo á pandemia en 2021, cando crecerá un 6,4%; para os países da área do euro a recuperación será máis lenta, cun crecemento dun 4,4% en 2021 e dun 3,8% en 2022. Reino Unido manterá o ritmo de crecemento, con taxas superiores ao 5% nos dous anos.

A previsión para as economías emerxentes e desenvolvidas⁴ é dunha taxa de 6,7% en 2021 e do 5,0% en 2022. As diferenzas entre os distintos países son significativas: China xa recuperou o nivel anterior á pandemia en 2020 e continuará o período

³ Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

⁴ Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.





expansivo. Países como Brasil ou México continúan loitando co virus e a recuperación será máis lenta.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI.

Os países europeos continúan loitando contra a pandemia; no primeiro trimestre do ano as principais economías víronse afectadas por restricións na actividade ante o incremento dos contaxios así como por problemas na oferta (as retencións no canal de Suez ou a escaseza de microchips na industria manufactureira). Todo isto provocou que as maiores economías europeas reduciran a súa actividade no primeiro trimestre de 2021: Alemaña un 3,1%, España un 4,2% ou Reino Unido un 6,1%. Francia foi a única das grandes economías europeas que incrementou a súa actividade no primeiro trimestre, 1,2%. O avance na vacinación está permitindo a relaxación das medidas de contención malia a aparición de novas variantes do virus máis contaxiosas seguen a limitar a actividade. Non obstante, prevese unha repunta no segundo semestre do ano 2021 que continuará nos seguintes trimestres. Na área do euro, as importantes medidas de política monetaria e fiscal, principalmente o fondo Next Generation EU, contribuirán a incrementar a demanda, evitar as perdas de emprego así como as quebras das empresas. A Comisión Europea prevé un crecemento da economía na área do euro do 4,8% en 2021 e tres décimas menos en 2022, 4,5%. Entre os principais países, a economía española será a que máis crecerá en 2021, 6,2%, sendo tamén a que máis caeu en 2020, -10,8%. Francia crecerá un 6,0%, Alemaña un 3,6%, Italia un 5,0% e Portugal un 3,9%. Para o ano 2022 prevese que a economía europea recupere o nivel anterior á crise. España crecerá un 6,3%, Alemaña un 4,6% e Portugal un 5,1%; as economías francesa e italiana rexistrarían un crecemento de 2022 inferior ao de 2021, as dúas un 4,2%.

As previsións do FMI para a área euro son máis moderadas, con taxas do 4,4% en 2021 e 3,8% en 2022. Para o 2021 as previsións para os principais países coinciden ou son inferiores ás da Comisión Europea, agás para España (6,4%). Para o ano 2022 o FMI prevé un menor crecemento nas economías máis grandes.

Fóra da Unión Europea, Reino Unido é un dos países máis afectados pola pandemia, cunha caída do PIB en 2020 do 9,8%. Na primeira metade do ano 2021 está a verse moi afectada polas novas variantes do virus, o que motivou un retroceso na economía no primeiro trimestre do ano, cunha taxa interanual do PIB do -6,1%. Non obstante





prevese que no conxunto do ano a economía británica creza un 5,0% e tres décimas máis en 2022, 5,3%. As previsións do FMI apuntan a un crecemento do 5,3% en 2021 e do 5,1% en 2022.

En Estados Unidos, o importante impulso fiscal permitirá un crecemento do 6,3% en 2021 segundo as previsións da Comisión Europea e do 6,4% segundo o FMI. Para o ano 2022 o aumento estará entre o 3,8% da Comisión e o 3,5% do FMI.

1.2. Situación da economía española

1.2.1. Escenario macroeconómico


España foi un dos países máis afectados pola crise sanitaria no ano 2020, cunha caída do PIB do 10,8%, concentrando o descenso no segundo trimestre do ano. As medidas de confinamento estritas adoptadas para conter o avance da pandemia provocaron unha caída do PIB do 21,6% no segundo trimestre de 2020. As sucesivas olas de contaxios así como a estrutura produtiva de España, cun importante peso de actividades máis relacionadas coa interacción social, ralentizaron a recuperación económica nos seguintes trimestres. No que vai de ano 2021, a maior incidencia da COVID-19 a principios de ano así como os problemas na oferta a nivel internacional están a retrasar a recuperación. Así, no primeiro trimestre, a economía española caeu un 4,2%.

Desde o punto de vista da demanda, no ano 2020 a demanda interna restou 8,8 puntos ao crecemento do PIB e a demanda externa dous puntos. A demanda privada veuse moi afectada polas restricións de mobilidade e actividade. Como se pode ver no gráfico que segue, no segundo trimestre o consumo privado restou case 14 puntos ao crecemento do PIB e nos dous seguintes trimestres restou máis de 5 puntos.





Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de demanda



Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estadística 2019

En senso contrario, o consumo público aumentou un 3,8% como consecuencia do incremento dos gastos derivados da crise sanitaria.

A incerteza sobre a incidencia e duración da pandemia tanto en España como a nivel internacional afectaron á inversión, que retrocedeu un 12,4% en 2020. Despois do consumo privado, é o compoñente que máis repercutiu na caída do PIB.


A demanda externa restou dous puntos ao crecemento do PIB en 2020; o peche de fronteiras, principalmente no segundo trimestre do ano, así como a redución da actividade mundial reduciron o comercio internacional.

Desde a óptica da oferta, as actividades máis afectadas polas medidas de distanciamento social foron as máis afectadas. Un bo indicador do impacto da pandemia segundo a rama de actividade son as horas traballadas. Como se pode ver no gráfico que segue, desde o comezo da crise, o Comercio, transporte e hostalería foi a rama de actividade na que máis horas se perderon e a que máis afectou na redución das horas totais.





Taxa de variación interanual das horas e achegas segundo rama de actividade



Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estadística 2019

O ano 2021 comezou cunha maior incidencia do virus que provocou un aumento das restricións, o que limitou a recuperación económica. O avance na vacinación coa conseguinte redución da incidencia permiten ser optimistas sobre a evolución da economía nos próximos meses, aínda que ao ser unha crise global, con diferente ritmo de vacinación entre países, e a aparición de novas variantes de virus pode demorar a recuperación económica.

O Consello Europeo aprobou, en xullo de 2020, un paquete de medidas de gran alcance para impulsar a converxencia, a resiliencia e a transformación na Unión Europea. Tales medidas englobáanse nun (i) marco financeiro plurianual (MFP) reforzado para 2021-2027 e na (ii) posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación (“Next Generation EU”) por valor de 750.000 millóns de euros. O Next Generation EU comprende tanto o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia como o REACT EU, entre outros instrumentos.

Prevese que este mecanismo xogue un papel decisivo, impulsando a repunta da actividade na segunda metade do ano 2021 e en 2022, cunha maior absorción dos fondos en 2022.

España recibirá unha cantidade aproximada de 140.000 millóns de euros procedentes do Next Generation EU en forma de transferencias e préstamos para o período 2021-2026. As transferencias poden acadar os 70.000 millóns no período 2021-2023. A maior parte destes fondos destinaríanse a inversión pública e espérase que teñan un efecto arrastre na inversión privada.



A Comisión Europea aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia presentado polo Goberno de España. Este Plan céntrase nas transferencias pero non proporciona información sobre os préstamos.

As previsións dos principais organismos nacionais e internacionais indican que España volverá a niveis anteriores á pandemia a finais de 2022. En xeral, prevén unha recuperación económica no segundo semestre do ano e un maior impulso no ano 2022 ligado a absorción dos fondos europeos. A magnitude da recuperación virá determinada polo proceso de vacinación, a incidencia de novas variantes do virus e a efectividade das vacinas contra elas, a recuperación mundial e o impacto dos fondos europeos.

Nos seguintes cadros preséntanse a desagregación das previsións para España nas súas compoñentes de demanda previstas para os anos 2021 e 2022 polo Goberno, o Banco de España (escenario central), a AIReF, o FMI, a OCDE e a Comisión Europea.

Previsións macroeconómicas. España. TVI (%). Ano 2021

| | Ministerio (abril 2021) | Banco de España (xuño 2021) | AIReF (maio 2021) | FMI (abril 2021) | OCDE (xuño 2021) | Comisión Europea (maio 2021) |
|---|-------------------------------|--------------------------------------|-------------------------|------------------------|------------------------|---------------------------------------|
| PIB por compoñentes de demanda | | | | | | |
| Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾ | 7,3 | 7,1 | 7,6 | 6,0 | 6,4 | 6,4 |
| Gasto en consumo final nacional das AA.PP. | 2,5 | 1,9 | 2,6 | 3,9 | 2,6 | 2,7 |
| Formación bruta de capital fixo | 10,3 | 8,1 | -- | 8,9 | 8,4 | 9,6 |
| Demanda nacional ⁽²⁾ | 6,7 | 5,9 | 7,3 | 5,6 | 5,9 | 6,1 |
| Exportacións de bens e servizos | 9,2 | 11,9 | 10,3 | 11,2 | 9,8 | 10,4 |
| Importacións de bens e servizos | 10,3 | 11,6 | 13,2 | 9,0 | 9,6 | 11,7 |
| Produto interior bruto | 6,5 | 6,2 | 6,6 | 6,4 | 5,9 | 5,9 |
| Produto interior bruto nominal | 7,8 | 7,2 | 8,2 | 7,1 | 6,7 | 6,9 |
| Taxa de paro | 15,2 | 15,6 | 16,1 | 16,8 | 15,4 | 15,7 |

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio e Banco de España: Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Banco de España, AIReF, FMI, OCDE e Comisión Europea

Para o ano 2021, todas as previsións apuntan a un crecemento do PIB no entorno do 6,0%, baseada na recuperación da demanda interna. Agás as previsións do Banco de España e do FMI, os demais organismos prognostican un maior crecemento no ano 2022, favorecido pola mellora das condicións económicas, o impulso do consumo, unha vez se reduzan as restricións, e a mellora da economía mundial. As previsións para este ano oscilan entre o 4,7% do FMI e o 7,0% do Goberno e da AIReF.





Previsións macroeconómicas. España. TVI (%). Ano 2022

| | Ministerio (abril 2021) | Banco de España (xuño 2021) | AIReF (maio 2021) | FMI (abril 2021) | OCDE (xuño 2021) | Comisión Europea (maio 2021) |
|---|-------------------------------|--------------------------------------|-------------------------|------------------------|------------------------|---------------------------------------|
| PIB por compoñentes de demanda | | | | | | |
| Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾ | 6,9 | 5,7 | 6,8 | 3,3 | 5,6 | 5,8 |
| Gasto en consumo final nacional das AA.PP. | 1,5 | 0,3 | -0,5 | 0,4 | 1,7 | 1,9 |
| Formación bruta de capital fixo | 12,3 | 9,3 | -- | 7,5 | 12,3 | 12,7 |
| Demanda nacional ⁽²⁾ | 6,7 | 5,3 | 6,3 | 3,9 | 6,1 | 6,3 |
| Exportacións de bens e servizos | 10,3 | 9,5 | 14,0 | 11,4 | 9,5 | 12,8 |
| Importacións de bens e servizos | 10,0 | 8,4 | 12,3 | 9,2 | 9,3 | 11,7 |
| Produto interior bruto | 7,0 | 5,8 | 7,0 | 4,7 | 6,3 | 6,8 |
| Produto interior bruto nominal | 8,6 | 7,1 | 8,7 | 6,1 | 7,6 | 7,9 |
| Taxa de paro | 14,1 | 14,7 | 14,4 | 15,8 | 14,7 | 14,4 |

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio e Banco de España: Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Banco de España, AIReF, FMI, OCDE e Comisión Europea

Esta crise tamén ten un forte impacto no emprego, aínda que as medidas adoptadas (ERTE, prestación por cese de actividade) mitigan o seu efecto nos fogares. Aínda así, os ocupados⁵ diminuíron un 2,9% en 2020 e a taxa de paro incrementouse 1,4 puntos respecto a 2019 ata o 15,5%. A destrución de emprego afectou máis aos contratados temporais. A maioría das previsións apuntan a un aumento da taxa de paro en 2021, xa que o forte impacto da crisis da COVID-19 nos sectores intensivos en man de obra aínda pode supoñer perdas de empregos adicionais. As previsións máis pesimistas son as da AIReF, que prognostica unha taxa de paro do 16,1%, e as do FMI, 16,8%. O Ministerio e a OCDE prevén unha lixeira diminución respecto a 2020, 15,2% e 15,4% respectivamente.

Para o ano 2022, a taxa de paro oscilaría entre o 14,1% do Goberno e o 15,8% do FMI.

⁵ As persoas acollidas a un ERTE seguen a considerarse ocupadas na Enquisa de poboación activa (EPA) se existe unha garantía de reincorporación ao posto de traballo unha vez finalizado o período de suspensión e continúan contabilizándose nas afiliacións á Seguridade Social.





1.2.1. Capacidade ou necesidade de financiamento e posición de investimento

No ano 2020 a capacidade de financiamento da economía española foi do 1,1% do PIB, descendendo desde o 2,5% conseguido o ano anterior.

O principal responsable deste descenso é o turismo que pasou de xerar un superávit do 3,7% do PIB no 2019 a un 0,8% no 2020, derivado da crise sanitaria que dificultou a mobilidade internacional e a actividade na hostalería.

O resto dos servizos incrementou a súa achega positiva ao saldo da balanza por conta corrente, mentres que os bens reduciron a súa contribución negativa, froito dunha maior redución dos pagos por importacións que dos ingresos por exportacións no ano 2020.

Balanza de Pagos. Saldos

| Anos | Conta Corrente | | Rentas e Transferencias | Conta de Capital | Cap(+)/Nec(-) de financiación |
|------|-----------------|-------|----------------------------|---------------------|----------------------------------|
| | Bens e Servizos | | | | |
| | Turismo | Total | | | |
| 2011 | 3,4 | 0,3 | -3,0 | 0,3 | -2,4 |
| 2012 | 3,6 | 2,1 | -2,0 | 0,5 | 0,6 |
| 2013 | 3,8 | 3,9 | -1,9 | 0,6 | 2,6 |
| 2014 | 3,9 | 3,1 | -1,4 | 0,4 | 2,1 |
| 2015 | 3,8 | 3,0 | -1,0 | 0,6 | 2,7 |
| 2016 | 3,9 | 4,0 | -0,8 | 0,2 | 3,4 |
| 2017 | 4,1 | 3,6 | -0,8 | 0,2 | 3,0 |
| 2018 | 3,9 | 2,7 | -0,8 | 0,5 | 2,4 |
| 2019 | 3,7 | 3,0 | -0,9 | 0,3 | 2,5 |
| 2020 | 0,8 | 1,5 | -0,8 | 0,4 | 1,1 |

Fonte: Banco de España

Nota: Porcentaxe do PIB

Entre os servizos non turísticos destacaron no 2020 por unha evolución positiva dos ingresos, como en anos anteriores, os servizos financeiros e outros servizos profesionais (I+D, consultoría, técnicos,...)

En conxunto, as rendas e transferencias non variaron moito a súa achega relativa ao saldo da balanza por conta corrente. Con todo, desagregando, a balanza de renda primaria (rendas do traballo, do investimento,...) incrementou a súa achega positiva no 2020, mentres que a balanza de renda secundaria (transferencias persoais,...) incrementou a súa achega negativa.





A conta financeira da balanza de pagos cambiou de maneira importante a súa composición no 2020 polo programa de compra de activos do Eurosistema. A posición acreedora excepto o Banco de España ascendeu ao 8,6% do PIB. Pero o déficit do Banco de España na conta financeira ascendeu ao 7,3% do PIB debido ao devandito programa.

1.3. Evolución recente da economía galega

A crise sanitaria provocada pola COVID-19, ten tamén un forte impacto na economía galega, cun retroceso do PIB en 2020 do 8,9%. As características estruturais da economía galega e unha menor incidencia do virus que no resto de España axudan a que o impacto en Galicia sexa menor que no resto de España.

A maior caída da actividade produciuse no segundo trimestre de 2020, -18,0%, debido ao peche das actividades non esenciais. No terceiro trimestre, Galicia tivo unha baixa incidencia do virus, o que se notou na recuperación da actividade (unha taxa de -6,2%), máis o incremento da incidencia no cuarto trimestre motivou restricións que levaron a unha caída do PIB superior á do trimestre anterior (-7,6%). O empeoramento da situación epidemiolóxica no primeiro trimestre do ano 2021 reduciu a actividade, ata unha caída do PIB do 2,9%.

Produto interior bruto. Índices de volume. Referencia 2015
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

| | 2019 | 2020 | 2020 | | | | 2021 |
|---------------------------|------|------|-------|--------|---------|--------|-------|
| | | | Tr. I | Tr. II | Tr. III | Tr. IV | Tr. I |
| Variación interanual | 1,8 | -8,9 | -3,8 | -18,0 | -6,2 | -7,6 | -2,9 |
| Variación intertrimestral | -- | -- | -4,7 | -14,4 | 15,0 | -1,5 | 0,0 |

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

A continuación detállase o comportamento da economía galega nos últimos trimestres para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.






Demanda

Desde a óptica da demanda, o consumo privado e a inversión foron os máis afectados pola pandemia. As restricións á mobilidade e o peche das actividades máis relacionadas coa interacción social nos momentos de maior incidencia da COVID-19 provocaron a redución do consumo privado. A inversión veuse afectada pola incerteza sobre a evolución da pandemia tanto en España como a nivel internacional.

No ano 2020 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de -8,3 puntos porcentuais, principalmente pola redución do consumo privado.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de demanda



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

O gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF diminuíu un 11,3% no ano 2020, co que restou 7,1 puntos ao crecemento do PIB. As restricións á mobilidade, o peche de actividades afectadas polas medidas de distanciamento social e a incerteza sobre a situación laboral limitaron o gasto dos fogares.

A inversión tamén se viu afectada pola incerteza, cunha caída do 13,2%, co que restou 2,2 puntos ao crecemento do PIB.

Pola súa parte, o sector exterior restou, no ano 2020, 0,6 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, cun descenso tanto das exportacións (-5,8%) como das importacións (-4,6%).

O incremento nos contaxios a principios de 2021 motivaron un endurecemento das restricións en Galicia que limitaron a reactivación da actividade económica. O consumo privado foi o máis afectado, cunha caída do 6,0%. Non obstante, a mellora na situación





económica mundial favoreceu a demanda externa, cun incremento tanto das exportacións como das importacións.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, a crise sanitaria afectou a todas as ramas de actividade, pero con maior magnitude a aquelas cuxa actividade vese limitada polo mantemento das medidas de distanciamento social. O mesmo que a nivel nacional, as actividades comerciais, a hostalería e as actividades relacionadas co ocio foron as máis afectadas polas restricións. O Comercio, transporte e hostalería reduciu a actividade un 19,5% en 2020 e as Actividades artísticas, recreativas e outros servizos un 18,0%.

Ademais destas, rexistraron unha forte contracción a industria manufactureira (-9,6%), a construción (-12,6%) e as actividades profesionais (-9,3%).

No que vai de 2021, a industria comeza a recuperar a actividade, desde o mes de febreiro, o principal indicador conxuntural, o Índice de produción industrial (IPI) rexistra taxas positivas. A reactivación da actividade no sector servizos é máis lenta ao estar máis influenciada pola situación epidemiolóxica.

Emprego


En relación ao emprego, no ano 2020 os ocupados reducíronse un 1,9% e as afiliacións un 1,7%. En termos de contabilidade nacional, os postos de traballo equivalentes a tempo completo (nos que non se contabilizan os ERTes) diminuíron un 8,0% en 2020. As ramas de actividade con maior caída foron Comercio, transporte e hostalería (-15,3%), Construción (-11,3%) e Actividades artísticas, recreativas e outros servizos (-10,1%).

Unha mellor visión do impacto das medidas de contención do virus na economía é a proporcionada polas horas traballadas, que diminuíron no ano 2020 un 10,7%. Todos os grandes agregados rexistran taxas negativas. O maior descenso no número de horas rexístrase no Comercio, transporte e hostalería (-19,0%) e nas Actividades artísticas, recreativas e outros servizos (-16,3%). A redución das horas na industria foi do 9,8% e na construción do 13,5%.





Taxa de variación interanual das horas e achegas segundo rama de actividade



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

No primeiro trimestre do ano, as restricións á actividade afectaron ao emprego, cunha redución dos ocupados (-2,1%) e un incremento dos parados (1,0%). A taxa de paro situouse no 13,0%.

Respecto ás afiliacións medias á Seguridade Social, no primeiro trimestre do ano diminuíron un 1,2%. No segundo trimestre a mellora na situación sanitaria permite recuperar emprego, rexistrando as afiliacións unha taxa do 3,3%, chegando no mes de xuño ata os 1.021.721 afiliacións.


O paro rexistrado aumentou desde o mes de marzo de 2020 ata marzo de 2021, mais desde abril rexistrase unha redución do paro ata os 157.718 parados do mes de xuño.

En Galicia o 30 de xuño había 18.779 traballadores afectados por ERTE por forza maior, case 15.000 traballadores menos que a finais do ano pasado.





Evolución mensual dos ERTes en Galicia. Último día do mes



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

1.4. Escenario macroeconómico 2021 – 2022

As previsións macroeconómicas para Galicia apunta a unha senda de crecemento sostido, baseado tanto no crecemento da demanda interna como da demanda externa. Galicia crecerá un 5,5% en 2021 e un 6,0% en 2022. Como resultado, prevese que a economía galega volva ao nivel antes da COVID-19 a mediados do ano 2022.

Previsións PIB Galicia e España. Ano 2019=100


| | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 |
|---------|------|------|------|-------|
| Galicia | 100 | 91,1 | 96,1 | 101,8 |
| España | 100 | 89,2 | 94,7 | 100,7 |

Fonte: IGE, Comisión Europea (xullo 2021)





Previsións PIB Galicia e España. Ano 2019=100



Fonte: IGE, Comisión Europea (xullo 2021)

Para elaborar o escenario macroeconómico de Galicia tivéronse en conta os supostos establecidos pola Comisión Europea nas previsión de primavera presentadas a principios de maio de 2021 respecto aos fondos Next Generation EU. Así, suponse que as transferencias repártense de modo linear no período 2021-2026, con entregas semestrais, empezando no segundo semestre de 2021. A maior parte da asignación destinarase a inversión pública e transferencias de capital (axudas á inversión privada).

Supoñemos que dentro de España, os fondos repartiranse equitativamente entre as comunidades autónomas.

A recuperación económica a nivel mundial e a asignación dos fondos Next Generation EU nos países da Unión Europea terán un efecto desbordamento positivo na economía española e galega.





Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

| | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|-------|------|------|
| Gasto en consumo final | -7,4 | 4,1 | 3,6 |
| - Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF | -11,3 | 5,2 | 4,9 |
| - Gasto en consumo final das AAPP | 4,5 | 1,3 | 0,4 |
| Formación bruta de capital | -13,2 | 6,0 | 8,1 |
| Achega demanda interna¹ | -8,3 | 4,4 | 4,3 |
| Exportación de bens e servizos | -5,8 | 5,6 | 6,6 |
| Importación de bens e servizos | -4,6 | 3,5 | 3,4 |
| Produto interior bruto (PIB) | -8,9 | 5,5 | 6,0 |
| Produto interior bruto nominal | -8,2 | 6,6 | 7,4 |
| Emprego. PTETC | -8,0 | 4,4 | 3,6 |
| Taxa de paro² | 12,0 | 12,7 | 12,1 |

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE

O consumo veuse afectado durante toda a pandemia polas restricións á mobilidade e pola incerteza en torno ao mercado laboral, o que provocou un incremento do aforro. Unha vez reducidas as restricións prevese un aumento da consumo.

A inversión verase impulsada polos fondos europeos, a maior parte deles dedicados a inversión pública e que terán un efecto arrastre sobre a inversión privada.

O consumo público continuará crescendo no ano 2021 polo gasto derivado da crise sanitaria e moderará o seu crecemento no ano 2022.

A demanda externa será positiva nos dous anos, a mellora da situación sanitaria nos países do noso entorno, os nosos principais socios comerciais, favorecerá as exportacións. Ademais as medidas fiscais e monetarias axudarán á recuperación económica das principais economías avanzadas.

O emprego medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo crecerán un 4,4% en 2021, e un 3,6% en 2022.

As restricións a mobilidade ocasionaron un incremento da poboación inactiva no ano 2020 ante a imposibilidade dunha busca activa de emprego. A mellora da situación económica provocará a reincorporación desta poboación ao mercado laboral. Non



obstante durante o ano 2021 aínda podería perderse emprego unha vez finalizados os ERTE. A taxa de paro aumentará no ano 2021 ata o 12,7% e no ano 2022 reducirase ata o 12,1%.

1.5. Crecemento potencial e output gap

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que ningunha administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, salvo nalgunhas circunstancias fixadas na devandita Lei. En virtude dela, é necesario dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o Estado e a Seguridade Social.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir o compoñente cíclico do dito saldo e calcular o compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendencia de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e o compoñente cíclico dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía foi revisada posteriormente pola Comisión Europea e as modificacións quedan recollidas na Orde ECC/493/2014 de 27 de marzo e na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro.

O cálculo do compoñente cíclico realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase o output gap ou fenda de produción e en segundo lugar, estímase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o output gap dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía e capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O output gap ou fenda de produción defínese como a diferenza entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial expresado en porcentaxe do PIB potencial.

A metodoloxía empregada para o cálculo do PIB potencial e do output gap para a economía galega⁶ segue no fundamental o contemplado nas ordes ministeriais

⁶ http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_PIB_output_gap.pdf



ECC/2471/2012 de 20 de decembro, ECC/493/2014 de 27 de marzo e ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que seguen, a súa vez, a metodoloxía da función de produción da Comisión Europea⁷. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e, por outro, a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado, as achegas das súas principais compoñentes e o output gap.

Evolución cíclica. Galicia

| | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| PIB real. TVA (%) | 1,8 | -8,9 | 5,5 | 6,0 | 2,2 | 1,9 |
| PIB potencial. TVA (%) | 0,8 | 0,4 | 1,1 | 1,4 | 1,5 | 1,6 |
| Achegas ao crecemento do PIB potencial (*) | | | | | | |
| Produtividade total dos factores | 1,0 | 0,8 | 0,9 | 1,0 | 0,9 | 0,9 |
| Traballo | -0,6 | -0,5 | -0,3 | -0,2 | -0,1 | -0,1 |
| Capital | 0,4 | 0,3 | 0,5 | 0,6 | 0,7 | 0,7 |
| Output gap (*) | 1,6 | -7,8 | -3,8 | 0,5 | 1,2 | 1,5 |

(*) Porcentaxe do PIB

NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida


Fonte: IGE

A crise sanitaria ten un forte impacto na posición cíclica da economía. A COVID-19 é un shock esóxeno intenso que provoca un menor crecemento potencial da economía en 2020. Non obstante, ao ser un shock temporal, o seu impacto no crecemento potencial tamén será transitorio e as taxas de crecemento do produto potencial recuperaranse a partir de 2021.

O produto potencial da economía galega caracterízase pola achega negativa do factor traballo, motivada polo perda de poboación en idade de traballar. O capital tamén se ve moi influenciado polas crises; non obstante, na crise actual o seu impacto será máis reducido grazas ao Plan de Recuperación e Resiliencia, que se destinará maioritariamente a inversión, o que aumentará a contribución do capital ao crecemento potencial nos próximos anos. O Plan de Recuperación tamén podería afectar no futuro á PTF a través de inversións que impulsen a innovación.

⁷ http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm





Como resultado da evolución do PIB real e do potencial, o output gap de Galicia desde o ano 2016 ata o ano 2019 tomaba valores positivos; a crise de 2020 provoca unha caída, -7,8%, que se reduce ao -3,8% en 2021 e volve a valores positivos a partir de 2022, o que pon de manifesto novamente o carácter transitorio do shock.





1.5.1 Estimación da NAWRU

A achega do factor traballo ao crecemento do PIB potencial ven determinada pola evolución da poboación en idade de traballar e da taxa de desemprego non aceleradora dos salarios (NAWRU).

A estimación da NAWRU realízase a través do programa GAP, elaborado por Fiorentini, Planas e Rossi. No manual da versión 5.0 describe o modelo utilizado mediante análise factorial dinámico.

O desemprego μ_t descomponse en ciclo g_t e tendencia (NAWRU) N_t :

$$\mu_t = N_t + g_t$$

$$\Delta N_t = \eta_{t-1} + \alpha_{Nt}$$

$$\eta_t = \eta_{t-1} + \alpha_{\eta t}$$

$$g_t = \phi_{g1} g_{t-1} + \phi_{g2} g_{t-2} + \alpha_{gt}$$

A NAWRU segue un proceso aleatorio de orde un ou dous segundo a varianza de $\alpha_{\eta t}$ sexa nula ou estritamente positiva. A expresión anterior relaciónanse cos costes laborais unitarios a través da ecuación da curva de Phillips:

$$w_t = \mu_t + \phi_{w1} w_{t-1} + \beta_0 g_t + \beta_1 g_{t-1} + \gamma'_w z_t + \alpha_{wt}$$

onde o vector z_t contén información esóxena sobre produtividade, termos de comercio e fixadores de salarios. Todas as innovacións, α_{Nt} , $\alpha_{\eta t}$ e α_{gt} , son ruído branco, independentes e normalmente distribuídos.


A Comisión Europea introduciu unhas modificacións na metodoloxía como consecuencia do shock da COVID-19. As medidas tomadas polos gobernos para manter aos traballadores na empresa aínda que realicen menos horas afecta as estimacións potenciais.

En relación a NAWRU, engadiu dúas variables dummy nos anos 2020 e 2021 para os estados membros onde se rompe a relación da curva de Phillips, como é o caso de España e Galicia.





NAWRU



Fonte: IGE, Comisión Europea

1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea e explícase no Anexo I deste informe. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal obtense o saldo estrutural.

A partir das semi-elasticidades e o output gap é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e ciclicamente axustado. O saldo cíclico calcúlase como o produto da semi-elasticidade e o output gap e o saldo axustado do ciclo como a diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico.

Finalmente, obtense o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes.





Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)

| | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| [a]. Saldo público | -0,4 | -0,1 | -1 | -0,6 | -0,4 | -0,2 |
| [b]. Intereses | 0,3 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 |
| [c]. Medidas one-off | -0,3 | 0,3 | -0,1 | 0,1 | 0 | 0 |
| [d]. Saldo primario [a]+[b] | -0,1 | 0,1 | -0,8 | -0,5 | -0,3 | -0,1 |
| [e]. Output gap | 1,6 | -7,8 | -3,8 | 0,5 | 1,2 | 1,5 |
| [f]. Saldo cíclico | 0,3 | -1,3 | -0,6 | 0,1 | 0,2 | 0,3 |
| [g]. Saldo cíclicamente axustado [a]-[f] | -0,7 | 1,2 | -0,4 | -0,7 | -0,6 | -0,5 |
| [h]. Saldo primario cíclicamente axustado [g]+[b] | -0,4 | 1,4 | -0,2 | -0,6 | -0,5 | -0,4 |
| [i]. Saldo estrutural [g]-[c] | -0,4 | 0,9 | -0,3 | -0,8 | -0,6 | -0,5 |
| [j]. Saldo estrutural primario =[i]+[b] | -0,1 | 1,1 | -0,1 | -0,7 | -0,5 | -0,4 |

(+) ingreso/superavit, (-) egreso/déficit

Fonte: IGE, Consellería de Facenda e Administración Pública

O shock COVID-19 tamén tivo un impacto na posición cíclica da economía galega. No que respecta á compoñente cíclica, a evolución do output gap provocará un saldo cíclico negativo nos dous anos de maior incidencia da COVID-19 e positivo nos anos posteriores a 2021. Como resultado do comportamento do saldo cíclico e do saldo público, o saldo ciclicamente axustado pasaría do 1,2% do PIB en 2020 ao -0,4% no ano 2021, e seguiría en valores negativos nos anos seguintes.

Respecto do saldo estrutural, a metodoloxía seguida para o seu cálculo non permite explicar como se ve afectado pola crise sanitaria. A maior parte das medidas fiscais adoptadas para facer fronte a pandemia financiáronse con recursos extraordinarios achegados pola Administración Xeral do Estado grazas á posibilidade de endebedamento extraordinario habilitado pola Comisión Europea (no cadro o seu saldo (ingresos-gastos) recóllese no punto 3 entre as medidas one-off); por tanto no déficit público das CC.AA non se reflicte o impacto do gasto extra durante o ano 2020. Así, Galicia mantivo un saldo público de -0,1% do PIB no ano 2020, mellor que o do ano precedente (marcado polo non ingreso dunha mensuralidade de IVE na liquidación do sistema de financiamento autonómico). Porén, o output gap reflicte o efecto do shock na economía galega, que se traslada ao saldo cíclico. Como resultado, os gastos asociados á COVID-19 están recollidos no saldo cíclico e non no saldo público, polo que a metodoloxía utilizada non estima correctamente o saldo estrutural.

Para o ano 2021 prevese un déficit público do -1,0% do PIB, superior ao do ano precedente. Aínda que non recolle o total do gasto ocasionado pola pandemia, ao ser un shock temporal, o saldo cíclico vaise reducindo e o saldo estrutural reflicte en maior medida o ton expansivo da política fiscal necesario para reactivar á economía, como aconsellan as autoridades europeas. No entanto, ao igual que no 2020 aínda se nota o efecto dos fondos COVID extraordinarios.





No que atinxe a 2022, estímase unha taxa de referencia para o déficit do -0,6%, o que supón reducir este recurso á metade, ademais desaparecen os recursos extraordinarios para enfrontar os efectos sociosanitarios e económicos da pandemia, pola contra nas medidas one-off recolleemos o impacto neto positivo da sentenza a favor da Comunidade autónoma pola implantación do SII no IVE de 2017, que se ve parcialmente compensada polo mantemento de parte dos gastos extraordinarios en educación e sanidade maiormente; ademais o PIB medra con forza no 2022, xerando un output gap positivo do 0,5% do PIB, o que axuda o saldo fiscal, que, en niveis estruturais baixa ata un -0,8% o que reflicte o mantemento de fortes estímulos fiscais á economía neste contexto de recuperación.

Nos anos 2023 e 2024 prevese que o output gap retorne a niveis previos á pandemia e o saldo estrutural se normalice ata niveis -0,5%/-0,4% do PIB, en liña coa situación pre crise, para o que haberá de ter especial coidado en non xerar novo gasto estrutural neto.





1.6.1. Déficit e débeda das Administracións Públicas

A política fiscal xogou un papel fundamental en amortecer a crise provocada pola COVID-19. Pero, esta política veu asociada cun incremento do déficit e a débeda públicos, de maneira que no 2020 a débeda pública alcanzou o 120% do PIB. Mentres, a débeda das sociedades non financeiras e dos fogares alcanzou o 170% do PIB a finais do 2020 tras un lixeiro repunta propiciado pola caída do PIB.

Con todo, ese incremento de débeda non se traduciu nun incremento do gasto en intereses. De feito, este gasto atópase nos niveis máis baixos dos últimos tempos. Isto é debido ao programa temporal de compra de débeda (programa de compras de emerxencia pandémica) do Banco Central Europeo (BCE) iniciado en marzo de 2020 e que durará como mínimo ata marzo de 2022. A partir desa data o seu Consello de Goberno decidirá cando termina.

Contas das Administracións Públicas

| Anos | Déficit (-) / Superávit (+) | Débeda | Gasto en intereses |
|-----------|--------------------------------|--------|-----------------------|
| | | | |
| 2000-2007 | 0,4 | 46,7 | 2,2 |
| 2008-2013 | -8,8 | 67,6 | 2,4 |
| 2014 | -5,9 | 100,7 | 3,4 |
| 2015 | -5,2 | 99,3 | 3,0 |
| 2016 | -4,3 | 99,2 | 2,8 |
| 2017 | -3,0 | 98,6 | 2,5 |
| 2018 | -2,5 | 97,4 | 2,4 |
| 2019 | -2,9 | 95,5 | 2,3 |
| 2020 | -11,0 | 120,0 | 2,2 |
| 2021 (p) | -7,6 | 119,6 | 2,1 |
| 2022 (p) | -5,2 | 116,9 | 2,0 |

Fonte: Banco de España e Comisión Europea

Notas: Porcentaxes do PIB

(p) = predición

De todos os xeitos, o incremento do déficit das administracións públicas no ano 2020 concéntrase en maior medida na Administración Central e, en menor medida, na Seguridade Social.





Déficit(-) / Superávit(+) das Administracións Públicas por subsectores

| Anos | Admon. Central | CCAA | Corp. Locais | Admon. de Seg. Social |
|------|-------------------|------|--------------|--------------------------|
| 2018 | -1,3 | -0,3 | 0,5 | -1,4 |
| 2019 | -1,3 | -0,6 | 0,3 | -1,3 |
| 2020 | -8,4 | -0,2 | 0,3 | -2,6 |

Fonte: Banco de España

Notas: Porcentaxes do PIB

1.7. Taxa de referencia da economía galega

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Para obter a dita taxa, calcúlase cada ano a media dos crecementos reais potenciais de dito ano, os cinco anteriores e os catro posteriores, obténdose así a taxa de referencia real. Os crecementos dos deflatores para pasar da taxa de referencia real á nominal se corresponden cos valores menores entre o 2% e a taxa do deflactor prevista ou efectivamente realizada cada ano, segundo a Contabilidade Nacional.

A obtención do PIB potencial de Galicia permite obter a taxa de referencia da economía galega. A taxa de referencia en termos nominais é do 2,2% en 2021 e do 2,5% en 2022.

Taxa de referencia. Galicia

| | 2021 | 2022 |
|--------------------|------|------|
| En termos reais | 1,0 | 1,1 |
| Deflactor | 1,2 | 1,3 |
| En termos nominais | 2,2 | 2,5 |

Fonte: IGE





O cálculo do PIB potencial ten por obxecto estimar o output gap e a taxa de referencia que, en circunstancias normais, limita xunto co deflactor do PIB o crecemento en termos nominais do gasto público computable.

Neste intre, a aplicación da cláusula de salvagarda permite desviarse das regras do Pacto de Estabilidade e Crecemento polo que estas cifras non ten o carácter limitativo que presentan habitualmente. Ademáis, compre sinalar dende un punto de vista puramente económico que as limitacións habituais da metodoloxía da Comisión vense aumentadas nos anos 2020 e 2021, dado que a introducción dos ERTE altera a relación entre o PIB e a taxa de paro, así como cos ingresos fiscais: A metodoloxía común, polo momento recolle de modo imperfecto este cambio, afectando ás estimacións de crecemento potencial e á taxa de referencia.



2. ESCENARIO FINANCEIRO 2022

Existe un consenso xeneralizado sobre que, ata que a pandemia estea baixo control en todo o mundo, a política fiscal debe seguir a ser flexible e brindar apoio aos sistemas sanitarios, os fogares, as empresas viables e a recuperación económica. A necesidade e o alcance do apoio varían entre as economías mundiais, dependendo da incidencia da pandemia e a capacidade para acceder a préstamos a baixo custe. Moitos gobernos de economías avanzadas están a adoptar importantes medidas de gasto e ingreso no 2021 (6% do PIB, en promedio segundo o FMI).

O apoio fiscal e a política monetaria acomodaticia evitou contraccións económicas máis severas e maiores perdas de emprego. Pero ese apoio, sumado as caídas dos ingresos, eleva os déficits públicos e a débeda pública a niveis sen precedentes nas diferentes economías. En promedio, no 2020 os déficits globais, como proporción do PIB, situáronse nun 11,7% para o caso das economías avanzadas segundo o FMI.

A capacidade dos países para incrementar o gasto presenta traxectorias diverxentes. O aumento dos déficits nas economías avanzadas e nalgunhas economías de mercados emerxentes obedece a incrementos do gasto e diminucións do ingreso de magnitudes aproximadamente iguais. Para 2021, os principais institutos de prospectiva económica estiman que os déficits fiscais se reduzan na maioría dos países unha vez remate ou baixe a modo o apoio vencellado á pandemia, que os ingresos se recuperen en certa medida e que se reduza o número de solicitudes de prestacións de desemprego. O Ministerio de Facenda proxecta un cerramento na actualización do programa de estabilidade financeira do 8,4% e a Comisión Europea do 9,6%.

O promedio mundial de débeda pública acadou a cifra sen precedentes do 97% do PIB no 2020, e proxecta que no 2021 se estableza en torno ao 99% do PIB. Pese ao aumento da débeda, o promedio de pagos de intereses polo xeral ten diminuído nas economías avanzadas e no noso país en particular, dada a tendencia á baixa dos tipos de xuro de mercado. Consonte os seus mandatos, os bancos centrais reduciron as taxas de interese de política monetaria e ten comprado bonos públicos, facilitando así as respostas fiscais perante a pandemia.

A medio prazo, proxéctase que os déficits fiscais se reduzan en tódolos países polo xeral, consonte se acelera o ritmo da recuperación e se retiran os estímulos fiscais extraordinarios, para voltar a niveis sostibles de débeda. Por tanto, os organismos internacionais de prospección (CE, FMI, OCDE) proxectan que as ratios débeda/PIB se estabilicen ou diminúan na maioría dos países, non de xeito doado, en especial nos





países que precisan reformas estruturais e contan cun alto envellecemento poboacional como o noso.

O Reino de España non foi unha excepción a todo isto, no 2020 despois de sufrir unha merma do ingreso consolidado dun 5% e un aumento do gasto consolidado do 12 % pecha cun alto déficit do 10,1% do PIB, que empurra os niveis de débeda ao 120%, do PIB no cerramento de 2020. A medida que vamos gañando a pandemia e melloran as perspectivas, o anterior escenario evoluciona positivamente cun peche previsto para 2021 dunha necesidade de financiamento do 8,4% do PIB e unha ratio débeda/pib do 119,5%.

A nivel subcentral a situación ten sido diferente, a natureza do shock pandémico e a distribución competencial do gasto, fixo que o groso de este recaera nas CCAA. O sistema de financiamento autonómico non está deseñado para enfrontar emerxencias sanitarias como a vivida, en realidade ningún sistema o está, por iso foi precisa unha reasignación dos recursos consolidados cara o sector público autonómico co gallo de garantir o financiamento das actuacións socio sanitarias extraordinarias, así como dos apoios aos sectores económicos máis afectados pola crise, tanto no 2020 como no 2021.

Unha das consecuencias de esta reorientación vertical dos recursos no 2020 foi manter os pagos a conta do sistema de financiamento autonómico e non axustalos á forte baixa de ingresos tributarios que a realidade xa evidenciaba, e isto porque eses ingresos financiaban o normal despregue dos servizos públicos básicos por parte das CCAA. Esta reorientación se completa agora no 2022, co acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira de habilitar un fondo extraordinario que compense as liquidacións negativas que derivan de aqueles pagos a conta mermados pola crise, que para Galicia suporían 367,5 millóns de euros.

A incerteza en torno ás perspectivas fiscais é moi elevada, por unha banda o avance da vacinación podería adiantar o fin da pandemia, o que estimularía a recadación de ingresos e reduciría a necesidade de máis apoio fiscal. Por outra, a recuperación podería verse entorpecida por unha mellora da situación sanitaria máis lenta do esperado, unha desaceleración económica máis longa, un endurecemento repentino das condicións financeiras ou a volatilidade dos prezos das materias primas. O único certo é que, canto máis se prolongue a pandemia, maior será o desafío para as finanzas públicas.

Con esta incerteza, que obriga a establecer unhas suposicións de partida de alcance, que condicionan o seu resultado, elaborouse a estimación da posición cíclica da nosa





economía para 2022 e unha previsión de saldo cíclico. Ademais resulta especialmente importante a evolución do sistema de financiamento autonómico (SFA) para o vindeiro ano marcada por unha liquidación cero no mellor dos casos que condiciona a evolución dos fondos propios autonómicos; en base a esta previsión e ás necesidades de recuperación da economía e do emprego, o máis aconsellable é esgotar a taxa de referencia prevista polo Ministerio de Facenda para o sector público autonómico (o 0,6% do PIB).

Por tanto neste marco, as prioridades de política fiscal consisten en manter o estímulo investidor e de apoio a medida que avanza a campaña de vacinación e mentres se afianza a recuperación; implementando axiña a execución dos fondos extraordinarios do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o REACT-EU, habilitar as medidas fiscais e de xestión anunciadas reforzando as capacidades para a execución de proxectos e mellorando os procedementos de adquisición; acelerar a transformación verde, dixital e inclusiva da economía tendo en conta os límites e potencialidades da estrutura económica instalada; e, unha vez afianzada a recuperación trazar estratexias a mediano prazo para xestionar os riscos fiscais e financeiros; e renovar os esforzos que permitan acadar os Objectivos de Desenvolvemento Sostible.

Polo miudo para cumprir con estas prioridades compre:

- No marco de economía aberta no que vivimos, e dada a alta interrelación comercial de Galicia, é imprescindible ampliar a cooperación mundial para conter a pandemia, sobre todo acelerando a vacinación a custes asequibles en todos os países. Compre acompañar ao gasto socio sanitario, marcando unha senda cara a normalidade e reforzando os investimentos pendentes.
- As medidas de apoio e investimento deben focalizarse mellor, orientarse a resultados e adaptarse á nosa capacidade administrativa, de modo que sexa posible manter o apoio fiscal mentres dure a crise, tendo en conta que a recuperación pode ser incerta e desigual.
- En base á contorna de baixos tipos de xuro, a implementación do programa Next Generation de investimento público e público-privado verde por parte da UE será decisiva cara a estimular o crecemento europeo e mesmo mundial.
- As autoridades financeiras deben atopar o equilibrio entre os riscos dunha débeda pública e privada abultada e crecente e os riscos dun retiro prematuro do apoio fiscal, que frearía a recuperación. Os marcos





fiscais cribles a mediano prazo son cruciais para acadar ese equilibrio, e para trazar o roteiro cara a reconstitución das reservas fiscais a un ritmo supeditado á recuperación. Para apoiar este esforzo pode ser importante mellorar o deseño das regras fiscais ou recalibrar os seus límites a fin de garantir unha senda crible de retorno á sostibilidade financeiro-fiscal.

- Reforzar a transparencia fiscal e as prácticas de xestión de goberno pode axudar as economías a aproveitar de xeito pleno os beneficios do apoio fiscal.
- Non esquecer as institucións do control financeiro e a eficacia e eficiencia na asignación do gasto público para evitar que parte de este esforzo fiscal remate en gastos improdutivos.

Tendo en conta a incerta coxuntura macro e os condicionantes descritos nos parágrafos anteriores, elaborase unha proxección plurianual de recursos non financeiros, magnitude básica para determinar a envolvente financeira plurianual e o límite de gasto para 2022, peza fundamental para o comezo da elaboración do orzamento para este mesmo exercicio.

Malia que a velocidade e intensidade da recuperación virá marcada pola evolución da pandemia a nivel mundial, e importante clarear expectativas e unha aposta firme pola recuperación, polo que dende a Xunta de Galicia realizamos un exercicio prospectivo con unhas certas garantías, polo que voltamos ao marco a tres anos marcado na *Orde de 4 de xullo de 2016 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Para iso, nos seguintes apartados realízase unha previsión das principais masas financeiras dos recursos da comunidade autónoma.





2.1. Recursos de contabilidade nacional para o límite de gasto non financeiro

O escenario de ingresos realízase en termos de contabilidade nacional, os recursos dispoñibles que determinan o límite de gasto non financeiro dependen da combinación de tres factores, que non sempre achegan recursos adicionais respecto ao ano anterior:

- i. A evolución dos ingresos non financeiros.
- ii. O obxectivo de estabilidade orzamentaria, ou no actual contexto a taxa de referencia de déficit para o sector público autonómico (que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superávit), dito obxectivo determínase como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.
- iii. Os axustes de contabilidade nacional sobre as previsións orzamentarias anteriores. (Estes serán positivos cando o seu saldo neto implica maiores recursos ou menores empregos sobre o cálculo orzamentario inicial, e negativos, cando a aplicación neta das normas de contabilidade nacional aflora gastos ou menores recursos que non se reflicten no cálculo orzamentario)

i) Evolución dos ingresos non financeiros

A composición dos ingresos non financeiros ven determinada polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- **Ingresos do sistema de financiamento autonómico:**

A partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia é a dos recursos procedentes do sistema de financiamento, con carácter xeral supoñen en torno ao 80% dos ingresos non financeiros totais, baixan no límite de gasto que se presenta pola importante aportación dos fondos Next Generation UE ata supor o 71%.





O cálculo dos recursos do sistema de financiamento recóllese no límite de gasto non financeiro en base á comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento do Ministerio de Hacienda, xa que esta é a que debe figurar nos estados orzamentarios de gasto dos PGE e de ingreso dos orzamentos da comunidade autónoma. Tal e como indica a lei de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o límite de gasto poderá revisarse en función das contías definitivas que aparezan nos PGE se houberse algunha modificación sobre a comunicada previamente.

Para o ano 2022, o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico increméntanse nun 1,9% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior. Esta evolución deriva do efecto combinado do cálculo das entregas a conta, da liquidación do exercicio 2020, do pago das contías adiadas das liquidacións negativas de 2008 e 2009 e da compensación extraordinaria pola liquidación negativa de 2020.

No que atinxe ás entregas a conta do ano 2022 o seu importe experimenta unha variación dun 6,9% respecto ao ano anterior, recollendo os froitos da recuperación, principalmente debido ao incremento das entregas do Fondo de Suficiencia, do IRPF e do Fondo de Garantía, xa que medran respectivamente nun 16,8%, 9,7% e nun 8,5%. En cambio, as entregas relativas ao IVE e aos IIEE de Fabricación crecen de forma moito máis modesto, arredor do 2%.

En canto á liquidación do ano 2020 a estimación provisional comunicada polo Ministerio é dunha liquidación negativa por importe de -367,6 M€, como consecuencia da forte caída que experimentou a recadación tributaria nese ano por mor da pandemia, principalmente no IVE e nos IIEE, xa que a liquidación negativa soamente por ditos conceptos para Galicia ascende -479,4 M€.

Neste sentido a recadación total no ano 2020 por IRPF, IVE e IIEE foi de 170.058 M€, un 5,4% inferior á do ano anterior (179.671 M€) e un 9,8% inferior que a previsión de recadación utilizada en marzo de 2020 para actualizar as entregas a conta do dito ano mediante o Real Decreto Lei 7/2020, de 12 de marzo (188.436 M€).

Isto suporía 743,9 M€ menos que os recursos recibidos no ano 2021 xa que neste ano a liquidación dos recursos do sistema de financiamento autonómico foi positiva por un importe de 376,3 M€. Este efecto reflicte as claras o impacto extraordinario da crise COVID no 2020 nun sistema de financiamento que non está deseñado para reaccionar a crises de tal magnitude, como xa se evidenciara no 2008 e 2009.






Ademais, a liquidación anual do sistema de financiamento hai que axustala como consecuencia do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-84,8 M€ despois do acordo adoptado polo pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar ata 240 mensualidades adicionais a devolución das mencionadas liquidacións). Por tanto o saldo total da liquidación de anos anteriores do sistema de financiamento ascendería no exercicio orzamentario 2022 ata os -452,4 M€.

Para compensar o deterioro do financiamento autonómico nese 2020 e non prexudicar o apoio fiscal á recuperación en cernes, o Pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira acordou na súa reunión do día 28 de xullo de 2021 dotar as CCAA cunha transferencia extraordinaria polo mesmo importe da liquidación negativa, de modo que esta quede neutralizada, así a Comunidade Autónoma de Galicia recibirá o vindeiro ano unha transferencia extraordinaria de 367,5 M€ para compensar o impacto da súa liquidación negativa.

No entanto seguen a compensarse os 84,8 Millóns de euros da liquidación negativa de 2008 e 2009, polo que as achegas netas dos recursos do sistema de financiamento en concepto de liquidacións pasan de 291,5 millóns de euros no límite de gasto de 2021 a -84,8 millóns de euros no 2022.

Deixando a parte a dinámica das liquidacións, a evolución das entregas a conta do actual SFA é a que se mostra no cadro seguinte.

Galicia. Entregas a conta SFA e variación do PIB.





- **Transferencias finalistas doutras administracións:**

Estas proceden basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, crecen de forma moi importante respecto ao exercicio anterior nun 19,4%.

No que atinxe aos fondos europeos estímase un crecemento do 24,4%. Isto débese fundamentalmente á inclusión no ano 2022 duns recursos adicionais procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) establecido no Regulamento (UE) 2021/241, co gallo de facer fronte aos efectos sen precedentes da crise da COVID-19.

O obxectivo específico do MRR é proporcionar axuda financeira con miras a acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no plan nacional de recuperación e resiliencia. A información recollida nas conferencias sectoriais indica que a Xunta de Galicia xestionará entorno a 417,26 millóns no ano 2022.

Tamén, neste ano 2022 inclúense outros recursos adicionais procedente dun Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) establecido no Regulamento (UE) 2020/2094 del Consejo co obxectivo de afrontar as repercusións da crise da COVID-19 e as súas consecuencias no sector agrícola e nas zonas rurais. Os ditos fondos se incorporan para a súa xestión no PDR 2014-2020 e contarán cun 100% de financiación UE. A previsión do importe asignado a Galicia é de 49,2 millóns de euros para 2022.

Por outra banda, no ano 2021 dentro dos fondos europeos orzamentouse un novo instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma, propostas na Iniciativa de Inversión en Resposta ao Coronavirus (IIRC) e a Iniciativa de Inversión en Resposta ao Coronavirus Plus (IIRC+). Para o ano 2021 a estimación que se fixo para Galicia destes recursos foron 430 millóns de euros, agora se recolle a programación destes recursos para 2022 que se estima en 267 millóns de euros.





Os fondos Next Generación Galicia

O instrumento Next Generation EU naceu co obxectivo de **impulsar a recuperación da Unión Europea tras a crise sanitaria da Covid-19**. A Comisión Europea presentou a finais de maio de 2020 un paquete de medidas de gran alcance, o Plan de Recuperación, que xuntaba ao marco financeiro plurianual (MFP) as medidas específicas e temporais de recuperación no denominado Next Generation EU.

Con este Plan, a Comisión aposta polo investimento público e privado para remediar os efectos da pandemia a través de dous elementos fundamentais:

- Instrumento de Recuperación (temporal) con 750.000 millóns de euros.
- Marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027 remodelado e reforzado, a través dos instrumentos xa existentes, xunto con novas medidas e programas.

Do sistema anterior, **España ten acceso a uns 140.000 millóns de euros. Dos cales 76.724 millóns de euros para a execución o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia**, e 12.436 millóns de euros (440.8 millóns para Galicia, dos que se programa neste límite de gasto a contía a executar no 2022) en concepto de REACT UE (Recovery Assistance for Cohesion and the Territories of the European Union), que continúa e amplía as medidas en resposta á crise. Sen esquecer os habituais Fondo Europeos de cohesión, dos que na data de elaboración de este informe descoñecemos a asignación a Galicia do marco 2014-2020.

NextGenerationEU tamén achegará fondos adicionais a outros programas ou fondos europeos, como Horizonte 2020, InvestEU, Desarrollo Rural ou o Fondo de Transición Justa (FTJ), que se ben se xestionan de xeito directo pola Comisión, financian proxectos de investimento en toda Europa.

Os investimentos a financiar co Mecanismo están recollidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que xa foi aprobado pola Comisión Europea o pasado mes de xuño. As actuacións terán como obxectivos transversais a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e igualdade de xénero.

Como **obxectivos específicos os sinalados en cada un dos investimentos dos 30 compoñentes do Plan que, en liñas xerais están relacionados coas fontes de enerxía renovable, a rehabilitación e eficiencia enerxética das vivendas, a capacitación dixital das persoas e as políticas relacionadas co eido sanitario e dos coidados**.

Para a distribución dos fondos non reintegrables a Administración Xeral do Estado está apostando por un sistema centralizado, análogo á sistemática de **xestión dos fondos finalistas en base a Conferencias Sectoriais** por Ministerios. (Transferencias ás comunidades autónomas, en aplicación do disposto no artigo 86 da Lei 47/2003 do 26 de novembro, créditos da AGE destinados ao financiamento de sectores, servizos, actividades ou materias respecto dos cais as CCAA teñan asumidas competencias de execución. O financiamento débese aprobar polo





Os fondos Next Generation Galicia

Consello de Ministros cando supere os 12 millóns de euros e os criterios de reparto de estes fondos débense acordar na conferencia sectorial correspondente. Para contías inferiores pódense mobilizar recursos a través de convenios ou concesións directas ás CCAA para a execución de financiamento nos seus territorios).

En base aos datos obrantes na oficina técnica de proxectos Next Generation Galicia polo de agora asignáronse máis de 50.000 millóns, dos cales **Galicia xestionaría 975,79 millóns de euros**, isto é, un 1.9% do total ou un 5,8% do repartido entre as CCAA.

- Os instrumentos cos que conta o mecanismo para distribuír os fondos podemos agrupalos en tres grupos:
 - i. Os **Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica** (PERTE), unha figura que xurde no marco do Real Decreto 36/2020 que consiste na colaboración público-privada para desenvolver proxectos singulares. O regulamento destes PERTEs aínda non está definido, malia que xa está aprobado o primeiro deles. O que si parece posible á adhesión a estes proxectos.
 - ii. **Subvencións**, para a financiación de activos privados, a través de convocatorias de concorrencia competitiva.
 - iii. **Contratos**, para a financiación de activos públicos, a través de licitacións.

Respecto ao sistema de xestión e reembolso dos fondos, a nivel de autoridade de xestión (Ministerio de Facenda) cómpre salientar que non haberá certificación do gasto, senón que a finalidade principal de control será a **fiabilidade na consecución dos fitos e obxectivos**, así como previr e, se é o caso, por de manifesto e corrixir as irregularidades. A nivel de entidade colaboradora na xestión como as CCAA, haberá que estar ao establecido en cada convenio ou negocio xurídico equivalente de transferencia de fondos.

Os prazos marcados para a execución dos investimentos e reformas son axustados, xa que a **elixibilidade do gasto comprende o período entre o 1 de febreiro de 2020 e o 31 de decembro de 2023**, entre estas dúas datas o gasto debe estar xuridicamente comprometido (Fase D). Os investimentos adxudicados pódense pagar ata finais do ano 2026.

A Xunta de Galicia desenvolveu unha estratexia para aliñar prioridades de investimento co PRTR e contar con proxectos para todas as oportunidades que xurdan ao abeiro do devandito plan, así como para mobilizar ao sector empresarial na preparación de proxectos privados co mesmo fin.

<http://www.nextgenerationgalicia.gal/documents/20548298/20553642/Estrategia-transformacion-Galicia-gl.pdf>





En canto ao resto dos fondos europeos estímase unha baixa do 4,9 %, debido á finalización dos recursos do período 14-20, e de que aínda nos dispoñemos das contías que poderá xestionar a Xunta de Galicia no vindeiro período 21-27.

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, este increméntanse nun 10,9 % respecto ao exercicio anterior fundamentalmente polo incremento das contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración Xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do SAAD pola Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, así como da repartición estimada dos fondos de emprego segundo as cantidades distribuídas para Galicia na Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego, celebrada o día 27 de abril de 2021, e a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais do 28 de abril de 2021.

- **Recursos propios non financeiros da comunidade autónoma:**

Estes confórmanse polos tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais; estímase que o seu importe aumentará nun 18,2 % respecto aos importes previstos no Orzamento 2021, recollendo tamén os efectos favorables da recuperación.

A súa evolución depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITPAXD), o Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD) e o Imposto sobre o Patrimonio (IP), xa que estes 3 impostos representan máis da metade desta partida.

As previsións de recadación responden á evolución positiva da actividade e ao aumento dos prezos de mercado o que conlevará unha elevación da recadación esperada.

Por outra banda, o proxecto de lei de residuos e solos contaminados contén no seu Título VIII a creación dun novo imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, tributo cuxo rendemento se vai ceder ás CCAA. Este tributo aplicarase previsiblemente a partir do 1 de abril do ano 2022.

Tamén, dentro dos recursos non financeiros inclúese a cantidade extraordinaria de 211 M€, en concepto do pago do principal e intereses da débeda recoñecida pola AGE tras a sentenza do Tribunal Supremo que recoñece o dereito ao cobro da contía indebidamente compensada, cuxo efecto no Consejo de Política Fiscal y





Financiera do día 28 de xullo de 2021, se exténdeu a todas as CCAA de réxime xeral, co que se solventa o prexuízo económico dimanante da implantación do Sistema de información inmediata do IVE no ano 2017.

Por outra banda, neste apartado para o ano 2022 non se vai recibir a transferencia extraordinaria por parte do Estado para financiar os gastos extraordinarios dimanantes da pandemia, o que supón unha importante diferenza respecto ao límite de gasto para o ano 2021, no que se estimou un importe para Galicia de 684,9 M€, o que fai que o total dos recursos financeiros diminúan nun 17,5 % neste apartado.

De seguido detállase a evolución estimada dos recursos non financeiros durante o período 2021-2022:

| millóns de euros | Orzamento | Límite de | Taxa de | diferencia |
|---|---------------|---------------|-------------|---------------|
| | | gasto | variación | |
| | 2021 | 2022 | 2022-2021 | 2022-2021 |
| recursos sistema de financiamento | 7.849 | 7.995 | 1,9% | 145,73 |
| fondos finalistas doutras administracións | 1.608 | 1.920 | 19,4% | 312,06 |
| outros recursos non financeiros | 1.554 | 1.282 | -17,5% | 271,93 |
| TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS | 11.011 | 11.197 | 1,7% | 185,85 |

ii) Obxectivo de déficit.

Como consecuencia da situación extraordinaria na que nos atopamos este ano, o Consello de Ministros ao abeiro dos acordos da Comisión Europea decidiu replicar a solicitude de aplicación da cláusula de salvagarda que suspende as regras fiscais ademais de durante o presente ano, no vindeiro 2022, no entanto a previsión é que en canto as condicións o permitan, a política orzamentaria se reoriente a posicións fiscais máis prudentes que reafirmen a sostibilidade das finanzas públicas a medio prazo, esta senda se negociará coa Comisión Europea a partires do vindeiro outono.

De feito o Programa de Estabilidade 21-24 presentado polo Goberno de España perante a Comisión recolle unha auténtica senda de consolidación, aínda que agora cualificada de taxas de referencia, que acaba de confirmar no pasado Consello de Política Fiscal e Financeira no que refire a 2022.





Cuadro 4.1.2. Saldo de las Administraciones Públicas en 2020

% del PIB

| | 2019(P) | 2020(A) |
|---|--------------|---------------|
| Administración Central | -1,32 | -8,38 |
| Comunidades Autónomas | -0,57 | -0,21 |
| Corporaciones Locales | 0,30 | 0,26 |
| Seguridad Social | -1,27 | -2,65 |
| Total Administraciones Públicas | -2,86 | -10,97 |
| <i>Saldo neto de las ayudas financieras</i> | <i>0,00</i> | <i>-0,88</i> |
| Total Administraciones Públicas (1) | -2,86 | -10,09 |

(1) Sin el saldo neto de las ayudas financieras.
Fuente: Intervención General de la Administración del Estado.

Cuadro 4.3.1 Proyecciones presupuestarias

Procedimiento de Déficit Excesivo

| | ESA Code | 2020(A) | 2020 (A) | 2021 (P) | 2022 (P) | 2023 (P) | 2024 (P) |
|--|--------------|--------------------|---------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| | | Nivel (mill. €) | % del PIB | | | | |
| Capacidad (+)/Necesidad (-) de Financiación (EDP. B9) | | | | | | | |
| 1. Total Administraciones Públicas (*) | S. 13 | -123.072 | -10,97 | -8,4 | -5,0 | -4,0 | -3,2 |
| 1a. Sin gastos de reestructuración bancaria | | -113.172 | -10,09 | -8,4 | -5,0 | -4,0 | -3,2 |
| 2. Administración Central (*) | S. 1311 | -93.951 | -8,38 | -6,3 | -3,5 | -3,1 | -2,5 |
| 3. Comunidades Autónomas | S. 1312 | -2.306 | -0,21 | -0,7 | -0,6 | -0,4 | -0,2 |
| 4. Corporaciones Locales (**) | S. 1313 | 2.870 | 0,26 | 0,0 | 0,0 | 0,3 | 0,3 |
| 5. Administraciones de Seguridad Social | S. 1314 | -29.685 | -2,65 | -1,5 | -0,8 | -0,7 | -0,7 |

Por tanto para 2022 o Ministerio de Facenda levou a informe do Consello de Política Fiscal e Financeira unhas taxas de referencia do déficit do 0,6% para o sector público autonómico para 2022 no marco dun déficit conxunto do 5% para todas as AAPP.

É dicir, o Ministerio de Facenda non vai fixar obxectivos de estabilidade nin de débeda para o próximo ano strictu sensu, porque renovará a aplicación da cláusula de salvagarda para o que xa ten solicitado ao Congreso dos Deputados a apreciación da concorrencia das circunstancias excepcionais ás que fai referencia o artigo 11.3 da LOEPSF como consecuencia da pandemia provocada pola COVID-19.

Ao abeiro da antedita Lei, cando o Congreso aprobe a existencia dalgunha das ditas circunstancias debe aprobarse un plan de reequilibrio que permita a corrección do déficit estrutural tendo en conta a circunstancia excepcional que orixinou o





incumprimento. Tamén dispón dita Lei que a desviación temporal do déficit estrutural non pode poñer en perigo a sostibilidade fiscal a medio prazo.

En canto os recursos derivados da fixación da taxa de referencia do déficit no 0,6% do PIB estes ascenderán ata os 415 millóns de euros, consonte a sistemática de cálculo da IGAE das necesidades de financiamento para un exercicio, o que supón unha baixa da capacidade de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia, neste concepto de necesidade de financiamento e respecto ao Orzamento do 2021, en 170 millóns de euros.





A cláusula xeral de salvagarda no Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC)

O Pacto de Estabilidade e Crecemento constitúese, principalmente, polo **Regulamento 1466/1997** relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias é á supervisión e coordinación das políticas económicas e polo **Regulamento 1467/1997** relativo á aceleración e clarificación do Procedemento de Déficit Excesivo (PDE), ambos Regulamentos foron modificados no ano 2011 como consecuencia da anterior crise financeira.

Como consecuencia da dita reforma introduciuse no primeiro Regulamento unha cláusula xeral de salvagarda de forma que como se establece no seu considerando 22º: *A fin de facilitar a recuperación económica, debe permitirse unha desviación temporal da traxectoria de axuste cara o obxectivo orzamentario a medio prazo cando dita desviación se derive dun acontecemento inusitado que estea fóra do control do Estado membro afectado e que teña unha grande incidencia na situación financeira das administracións públicas, ou en caso de crise económica grave na zona do euro ou no conxunto da Unión, sempre que dita desviación non poña en perigo a sostibilidade orzamentaria a medio prazo.*

Para permitir unha desviación temporal do obxectivo orzamentario a medio prazo ou da traxectoria de axuste cara a el, debe terse en conta, ademais, se se están poñendo en práctica reformas estruturais de grande calado, e cerciorarse de que se manteña unha marxe de seguridade con respecto ao valor de referencia do déficit (...).

Como consecuencia da pandemia a Comisión Europea e o Consello Europeo aprobaron en marzo activar dita cláusula de salvagarda do PEC para o ano 2020, e posteriormente en setembro se prorrogou para o ano 2021. Dita activación non supón que se suspenden os procedementos do PEC pero permite pospor temporalmente a senda de obxectivos fixada con anterioridade as circunstancias que xustificaron a activación da cláusula de salvagarda.

Pola súa parte a Constitución española no seu artigo 135 establece unha cláusula semellante no seu apartado 4º: *Os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública só poderán superarse en caso de catástrofes naturais, recesión económica ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sostibilidade económica ou social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.*

Ao que a LOEPSF engadiu que: *Dita desviación temporal non pode por en perigo a sostibilidade fiscal a medio prazo.*





iii) Axustes de contabilidade nacional

Por último, para conformar o límite de gasto, hai que ter en conta os posibles axustes que se deben aplicar sobre as disponibilidades financeiras determinadas ata o de agora, pola posible diferenza na súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se calcula o déficit ou o superávit en cada exercicio.

O sistema europeo de contas (en adiante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e *"constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, dos seus compoñentes e das súas relacións con outras economías"*.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade ou necesidade de financiamento e, por tanto, deberán terse en conta os seus criterios para calculalas.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na súa fase de execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, desta forma, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan os criterios de contabilidade nacional, nos ingresos e nos gastos, implica desviacións no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC-2010 fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia





dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC-2010). Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co gallo de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe da recadación líquida, tanto a derivada do exercicio corrente como dos exercicios anteriores, dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos e o importe dos dereitos recoñecidos netos procedente de ditos capítulos.
2. As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas a Fundacións do sector público autonómico.
3. Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (en concreto, a través dunha aplicación do capítulo VIII).
4. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon, mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado na súa integridade no intre do investimento.
5. Como maior ingreso recóllese o axuste debido ao reintegro da anualidade das contías aprazadas por mor das liquidacións negativas do sistema de financiamento autonómico dos anos 2008 e 2009.





Debe terse en conta que tan só se recollen neste momento os axustes que se poden estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual e pouco representativo.

Os axustes de contabilidade nacional estímense en -41 millóns de euros para o 2022 (equivalen a máis gasto non financeiro nesa contía por tanto), o que supón preto de nove millóns de euros por enriba dos recollidos nas previsións orzamentarias para 2021.

2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado

Segundo establece o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade de Galicia aprobado o obxectivo de estabilidade do artigo 4.1, (que haberá de entenderse taxa de referencia para este exercicio) o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos Orzamentos xerais da comunidade autónoma. Este acordo remitirase ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, xunto co presente informe.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria. De novo, malia que rexe a cláusula de salvagarda activada, as contas elaboraranse dentro da marxe habilitada acordada no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira como taxa de referencia. O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas, en especial neste ano poden ter certa importancia se se aproban asignacións adicionais á comunidade autónoma correspondentes ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (o teito xa recolle aquelas das que temos unha contía asignada para 2022 a día de hoxe), que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na variación dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecte ao obxectivo de estabilidade que se propón acadar.

O Consello da Xunta ven de aprobar o límite de gasto non financeiro da comunidade autónoma de Galicia para 2022, fixándoo en 11.571 millóns de euros. É un paso clave para a elaboración dos orzamentos da comunidade autónoma do vindeiro exercicio, as contas de 2022 se orientarán a desenvolver as liñas de actuación encamiñadas a impulsar a recuperación da actividade económica e o emprego, partindo da estratexia Next Generation Galicia e do Plan estratéxico de Galicia, baseados no crecemento





sostible e cohesionado social e territorialmente, profundizando na innovación e o coñecemento como vía de desenvolvemento da nosa comunidade autónoma.

Para acadar os anteriores obxectivos priorizaranse os seguintes criterios asignativos nos Orzamentos:

a) Garantir os medios e o persoal precisos nos eidos sanitario e educativo para prestar un servizo público de calidade na volta á normalidade unha vez superada a pandemia.

b) Reforzar e modernizar as políticas sociais para garantir que a recuperación chegue a todos.

c) Desenvolver con éxito a estratexia Next Generation Galicia, apoiando aos sectores productivos estratéxicos, fomentando un tecido productivo moderno, eficiente, innovador, internacionalizado e sostible que xere máis empregos e de máis calidade, aproveitando as necesarias reformas para impulsar as transicións verde e dixital. Aproveitar o Xacobeo 2021-2022 para situar a Galicia como un destino turístico sostible, atractivo e seguro.

d) Profundar na reforma da Administración pública autonómica de cara a un servizo ao cidadán máis accesible, áxil e de máis calidade e máis eficiente, dixital e transparente.

O mantemento dun nivel excepcional de recursos orzamentarios vai en liña coa estratexia fiscal enunciada ao longo de esta segunda parte do informe, os orzamentos para 2022 proseguirán co impulso fiscal ata acadar superar con solvencia os efectos da pandemia en tódolos eidos.

No entanto, o impacto nas finanzas públicas dos efectos da pandemia e as achegas extraordinarias para a recuperación xerarán importantes impactos na situación das finanzas públicas galegas e españolas en forma dun maior endebedamento a posible consolidación dunha parte do gasto extra que compe monitorizar, porque condicionarán a súa evolución a medio prazo.

Por tanto, o alto nivel cuantitativo dos límites de gasto non debe facer esquecer a súa vis cualitativa, sen dúbida máis importante, así os recursos extraordinarios deben orientarse de xeito prioritario ao investimento produtivo e ao mantemento da prestación con garantías dos servizos socio-sanitarios e educativos, tentando evitar a





consolidación de gasto corrente e improdutivo, limitando o crecemento dos consumos aos casos absolutamente imprescindibles para garantir a prestación dun servizo público de calidade rexido baixo os principios de eficiencia, eficacia e economía.

Os investimentos e axudas deben focalizarse ben, para acadar os obxectivos propostos e xestionarse con axilidade para acadar o impacto contra cíclico pretendido.

En liña co sinalado, o límite de gasto non financeiro para 2022 mantense excepcionalmente alto, acadando os 11.571 millóns de euros, lixeiramente por enriba dos 11.563 millóns do presente exercicio. Sen embargo, a estrutura de financiamento non é comparable a do ano precedente, por diversos motivos:

- O límite de gasto no financeiro para 2022 recolle a primeira programación de fondos extraordinarios asignados á comunidade autónoma de Galicia do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, 418 millóns de euros, unha importante fonte de recursos orzamentarios que non se replicará a partires de 2023 e que non obraban en orzamentos anteriores.
- Tamén recolle a previsión de execución dos fondos REACT-UE para 2022, fixados en 267 millóns de euros.
- Como ingreso extraordinario desaparece o fondo COVID (fixado en 685 millóns de euros nos vixentes orzamentos), pola contra figura o pago da sentenza pola merma nos ingresos do SFA derivada da implantación do Sistema de información inmediata do IVE no ano 2017, por importe de 211 millóns de euros.
- Por último mantense o esforzo na senda de déficit, evitando unha retirada prematura de estímulos e esgotando a taxa de referencia marcada polo Ministerio de Facenda fixada no 0,6% do PIB, o que supón 415 Millóns de euros (170 menos que no 2021).

Por tanto menos endebedamento, menos recursos extraordinarios e mais recursos propios e máis fondos europeos de recuperación.



| millóns de euros | Orzamento | Límite de gasto | Taxa de variación | diferencia |
|---|---------------|-----------------|----------------------|---------------|
| | 2021 | 2022 | 2022-2021 | 2022-2021 |
| recursos sistema de financiamento | 7.849 | 7.995 | 1,9% | 145,73 |
| fondos finalistas doutras administracións | 1.608 | 1.920 | 19,4% | 312,06 |
| outros recursos non financeiros | 1.554 | 1.282 | -17,5% | -271,93 |
| TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS | 11.011 | 11.197 | 1,7% | 185,85 |
| capacidade ou necesidade de financiamento | 585 | 415 | -29,1% | -170,22 |
| axustes de contabilidade nacional | -33 | -41 | 24,2% | 8,00 |
| LIMITE DE GASTO NON FINANCEIRO | 11.563 | 11.571 | 0,1% | 7,63 |

Como pode apreciarse o lixeiro aumento do límite de gasto, basease na recuperación dos fondos propios de xeito directo e a través do SFA en liña coa prevista recuperación económica e pola aplicación dos fondos Next Generation UE.

No que atinxe ao marco plurianual, malia que a medio prazo debe confirmarse unha nova senda de consolidación, a evolución dos recursos pasa por unha recuperación robusta dos recursos do sistema de financiamento autonómico e o fin dos fondos Next Generation xunto coa programación do novo marco financeiro plurianual de fondos estruturais e de investimento.

| millóns de euros | Orzamento | Límite de gasto | Previsión | | Taxa de variación | | |
|---|---------------|--------------------|---------------|---------------|-------------------|--------------|--------------|
| | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2022-2021 | 2023-2022 | 2024-2023 |
| recursos sistema de financiamento | 7.849 | 7.995 | 8.467 | 8.752 | 1,9% | 5,9% | 3,4% |
| fondos finalistas doutras administracións | 1.608 | 1.920 | 1.608 | 1.130 | 19,4% | -16,3% | -29,7% |
| outros recursos non financeiros | 1.554 | 1.282 | 1.025 | 898 | -17,5% | -20,0% | -12,4% |
| TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS | 11.011 | 11.197 | 11.100 | 10.780 | 1,7% | -0,9% | -2,9% |
| capacidade ou necesidade de financiamento | 585 | 415 | 286 | 149 | -29,1% | -31,1% | -48,0% |
| axustes de contabilidade nacional | -33 | -41 | -40 | -38 | 24,2% | -2,4% | -5,0% |
| LIMITE DE GASTO NON FINANCEIRO | 11.563 | 11.571 | 11.346 | 10.890 | 0,1% | -1,9% | -4,0% |





Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea⁸, usando a semi-elasticidade para o cálculo dos saldos orzamentarios axustados do ciclo (en inglés cyclically-adjusted budget balance (CAB)).

O saldo axustado de ciclo sobre o PIB potencial obtense de substraer do saldo observado sobre o PIB o seu compoñente cíclico.

$$CAB = \frac{B}{Y} - \varepsilon * OG$$

onde ε é a semi-elasticidade, OG o Output Gap, B o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto.

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \\ &= \left(\sum_{i=1}^5 \eta_{R,i} \frac{R_i}{R} - 1 \right) \frac{R}{Y} - \left(\eta_{G_U} \frac{G_U}{G} - 1 \right) \frac{G}{Y} \quad (5) \end{aligned}$$

Para obter a semi-elasticidade para Galicia, utilizamos os datos de execución orzamentaria⁹ de 2018 e 2019 (todos os capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por comunidades da Contabilidade regional de España¹⁰ para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as

⁸ Este cambio recóllese no documento

http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf

⁹ <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.

Aplicación da Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, coa información dispoñible

¹⁰ <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>





estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á brecha de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

| Elasticidades por partidas | |
|---------------------------------|--------------|
| Conceptos | Elasticidade |
| Ingresos | |
| IRPF | 1,84 |
| Imposto de Sociedades | 1,56 |
| Impostos indirectos | 1,00 |
| Cotizacións sociais | 0,72 |
| Ingresos non impositivos | 0,00 |
| Gastos | |
| Resto de gastos primarios | 0,00 |
| Transferencias correntes | |
| Fondo de garantía | 1,38 |
| Fondo de suficiencia | 1,42 |

Todos os cálculos están feitos coa información da execución orzamentaria en termos de caixa e sen axustar en termos de contabilidade nacional, estes axustes poderían alterar levemente o resultado, sobre todo se o axuste afecta ao gasto.



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2021 11:00:25
Nº Rexistro: 19786
Data envío: 30/07/2021 11:00:25.088

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/07/2021 11:00:15

CSV: BOPGDSPG8mOGp1R5X7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2021 13:58:22
Nº Rexistro: 19649
Data envío: 28/07/2021 13:58:22.972
Data 28/07/2021 13:58

Ao abeiro do disposto nos artigos 67, 98 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia solicita a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno na que a orde do día a debater sexa a que segue:

- Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 21·22**



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2021 13:58:22
Nº Rexistro: 19649
Data envío: 28/07/2021 13:58:22.972

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/07/2021 13:58:14

CSV: BOPGDSPG8mOGp1R5X7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

